

## ANUNCIO

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 22/08/2023

### PREZO PÚBLICO PARA AS ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE CURSO 2023/2024

#### Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás actividades Terceira Idade

nas seguintes modalidades:

- Actividades anuais (de outubro a xuño): comprende as actividades de ximnasia de maiores, obradoiro de traballo corporal, obradoiro de memoria e canto de coral.
- Actividades trimestrais: comprende as actividades de bailoterapia e hipopresivos.

#### Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Estarán obrigadas ao pagamento dos prezos públicos as persoas que se beneficien do servizo e actividades referidas no artigo anterior.

#### Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada actividade é:

Actividades anuais	20 € en concepto de matrícula
Actividades trimestrais	20€/trimestre por cada actividade

#### Artigo 4. Normas de xestión

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade e efectuarase mediante o seu ingreso na tesouraría municipal.

#### Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá no suposto de que por causas imputables ao concello, non se teña realizado a actividade.

#### Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria

(Documento asinado dixitalmente)